

**DECRETO NÚMERO 13005733 DO 10/06/2013**

Ilma. Sra. dona Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autonomos e Educación.

**ASUNTO: PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE RESTAURANTES, POSTOS DE ELABORACION DE COMIDA E ATRACCIÓN INFANTIL NO ARDE LUCUS 2013, PRORROGABLE. ADXUDICACIÓN DIRECTA A FAVOR DE DONA SUSANA GIL RUIBAL.**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 11/230 do día 10 de abril de 2013, mediante o cal se aprobaron as bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación para a autorización da instalación de restaurantes, postos de elaboración de comida e atracción infantil, no ARDE LUCUS 2013, prorrogable. Así mesmo se acordou publicar anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

2.- Decreto nº 13005684 do día 7 de xuño de 2013, mediante o cal se aprobou a autorización da instalación de restaurantes, postos de elaboración de comida e atracción infantil, no Arde Lucus 2013, prorrogable, onde no seu dispositivo cuarto se declaraba deserto o posto 4A e, en aplicación da clausula novena se ordenaba acudir á adxudicación directa con invitación ós licitadores admitidos cuxa documentación estivese correcta e completa e que non obtiveron posto por se fose do seu interese aceptar este posto.

3.- Informe da Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, do día 10 de xuño de 2013, onde despois de ofrecer a parcela 4A aos licitadores admitidos, seguindo a orde de puntuación, propoñen a adxudicación da mesma a:

Nome	Parada	Canon €	Taxas €	Puntos	Documentación pendiente	DNI / CIF
Susana Gil Ruibal	4A	800	21,12	78	Completo	46901818B

Por todo o anteriormente exposto e en virtude das atribucións delegadas pola Xunta de Goberno Local, no seu acordo nº 11/230 do día 10 de abril de 2013, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a **AUTORIZACIÓN PARA A INSTALACIÓN DE RESTAURANTES, POSTOS DE ELABORACION DE COMIDA E ATRACCIÓN INFANTIL NO ARDE LUCUS 2013, PRORROGABLE**, para o posto 4A, á e persoa física que se sinala a continuación:

Nome	Parada	Canon €	Taxas €	Puntos	Documentación pendiente	DNI / CIF
Susana Gil Ruibal	4A	800	21,12	78	Completo	46901818B

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**

MLA/jlgn

Refª: 1370856896170.doc

Asunto:

SEGUNDO.- Requirir á adxudicataria anterior para que proceda ao ingreso das cantidades correspondentes á **taxa** prevista na Ordenanza Fiscal nº 152, epígrafe E, apartado A, así como ao **canon** ofertado.

As citadas cantidades deberán facelas efectivas nos prazos indicados e sempre con antelación ao inicio da montaxe da festa. De non levarse a cabo ditos pagamentos a autorización quedará extinguida e a parcela quedará a disposición do Concello.

As cantidades sinaladas deberán facelas efectivas do seguinte xeito:

- O CANON, deberá ingresarse en calquera dos seguintes números de conta: **Novagalicia Banco: 2080 0101 56 3110000018; BBVA: 0182 6219 51 0010165210; La Caixa: 2100 5850 07 0200014045**, indicando no concepto CANON RESTAURANTES-ELABORACION COMIDAS ARDE LUCUS 2013, nos dez días hábiles seguintes á notificación da resolución da prórroga da autorización.
- A TAXA, deberá ingresarse nos lugares e prazos establecidos na Carta de Pagamento que oportunamente se expedirá.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución, a cal pon fin á vía administrativa ás partes interesadas, con indicación que contra a mesma caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

CUARTO.- Así mesmo déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.

Cúmprase.